



INFORME DE RESULTADOS

Grao en Comunicación Audiovisual

Grao en Xornalismo

Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual

**Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación
Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e
Difusión do Coñecemento**

Curso académico: 2023-2024

ÍNDICE

1.	DATOS DA UNIVERSIDADE E DOS TÍTULOS OBXECTO DO INFORME	4
2.	LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES	5
3.	ANÁLISE	8
3.1.	DIMENSIÓN 1 – XESTIÓN DO TÍTULO	8
3.1.1.	Criterio 1 – Organización e desenvolvemento	8
3.1.1.1.	Grao en Comunicación Audiovisual	8
	Perfil de ingreso	8
	Perfil de egreso	11
	Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso	14
	Revisión da programación docente	14
3.1.1.2.	Grao en Xornalismo	15
	Perfil de ingreso	15
	Perfil de egreso	17
	Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso	20
	Revisión da programación docente	20
3.1.1.3.	Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual	21
	Perfil de ingreso	21
	Perfil de egreso	23
	Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso	26
	Revisión da programación docente	26
3.1.1.4.	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	26
	Perfil de ingreso	27
	Perfil de egreso	28
	Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso	29
	Revisión da programación docente	30
3.1.2.	Criterio 2 – Información e transparencia	30
3.1.2.1.	Análise de datos sobre información dispoñible	30
3.1.2.2.	Revisión da información pública dos títulos	32
3.1.3.	Criterio 3 – Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior	35
3.1.3.1.	Nivel de título	35
3.1.3.2.	Nivel de centro	43
3.1.3.3.	Seguimento das accións contidas no Plan de melloras dos títulos da Facultade de Ciencias da Comunicación para o curso 2024-2025	45
	Acción de mellora – Participación dos egresados nas enquisas	45
	Acción de mellora – Taxa de eficiencia e de éxito	47
	Acción de mellora – Participación do estudiantado nas enquisas	49
	Acción de mellora – Satisfacción coas prácticas externas	50
3.1.3.4.	Seguimento das accións contidas no Plan estratéxico do Centro 2024-2026	51
	Acción PEC – Innovación educativa na formación teórico-práctica	51
	Acción PEC – Implementación da Mención Dual	53
	Acción PEC – Axenda electrónica	55
	Acción PEC – Incorporación de estudantes na Comisión de Mobilidade	57
	Acción PEC – Eleccións do alumnado-titor	59
	Acción PEC – Incorporación do Comité Consultivo no ciclo do SGC	61
3.2.	DIMENSIÓN 2 – RECURSOS HUMANOS	63
3.2.1.	Criterio 4 – Recursos humanos	63
3.2.2.	Criterio 5 – Recursos materiais e servizos	69
3.3.	DIMENSIÓN 3 – RESULTADOS	71
3.3.1.	Criterio 6 – Resultados do programa formativo	71
3.3.1.1.	Grao en Comunicación Audiovisual	71
3.3.1.2.	Grao en Xornalismo	72
3.3.1.3.	Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación	73
3.3.1.4.	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	73
3.3.2.	Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento	74

3.3.2.1.	Indicadores de resultados persoais (satisfacción coa docencia recibida)	74
	Grao en Comunicación Audiovisual	76
	Grao en Xornalismo.....	78
	Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual.....	80
	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	82
3.3.2.2.	Resultados profesionais (empregabilidade).....	83
	Grao en Comunicación Audiovisual	83
	Grao en Xornalismo.....	83
	Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual.....	84
	Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	84
4.	PROPOSTA DE ACCIÓNS DE MELLORA PARA O CURSO 2025-2026.....	85
	Acción de mellora – Participación nas enquisas (título)	85
	Acción de mellora – Realización de prácticas académicas externas	87
	Acción de mellora – Taxa de idoneidade na graduación.....	88
	Acción de mellora – Participación nas enquisas (centro)	90
5.	MODIFICACIÓNS DOS PLANS DE ESTUDOS	91

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DOS TÍTULOS OBXECTO DO INFORME

DATOS DOS TÍTULOS	
Denominación dos títulos	Grao en Comunicación Audiovisual (CAV) Grao en Xornalismo (XOR) Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual (DG) Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento (MXCM)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Comunicación
Nomes dos coordinadores dos títulos	Enrique Castelló Mayo (CAV e DG) Xosé López García (XOR) Berta García Orosa (MXCM)
Correo electrónico dos coordinadores dos títulos	enrique.castello@usc.es (CAV e DG) xose.lopez.garcia@usc.es (XOR) berta.garcia@usc.es (MXCM)
Códigos ISCED	CAV: 0211 XOR: 0321 DG: 0211/0321 MXCM: 0321
Curso de implantación	CAV: curso 2009-2010 XOR: curso 2009-2010 DG: curso 2015-2016 MXCM: curso 2021-2022
Data acreditación ex ante (verificación)	CAV: 22/06/2009 (acreditación institucional: 17/12/2019) XOR: 22/06/2009 (acreditación institucional: 17/12/2019) MXCM: 24/05/2021
Data renovación acreditación	CAV: 17/12/2025 (acreditación institucional) XOR: 17/12/2025 (acreditación institucional) MXCM: 17/12/2025 (acreditación institucional)
Data Acreditación Institucional	Facultade de Ciencias da Comunicación (incluídos todos os seus títulos): 17/12/2019 Data próxima acreditación institucional (incluídos todos os títulos): 2025

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia/Indicador	Documento/enlace
1, 7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.16 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.16 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.16 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.16 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (DG)
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Código: TítuloINF.02 2023-2024 (MXCM)
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG)
			Código: Centro INF.03 2023-2024 (CAV) Código: Centro INF.03 2023-2024 (XOR) Código: Centro INF.03 2023-2024 (DG)
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.04 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.04 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.04 2023-2024 (DG)
			Código: Centro INF.05 2023-2024
			Código: TítuloINF.06 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.06 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.06 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.06 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.07 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.07 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.07 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.07 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.08 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.08 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.08 2023-2024 (DG)
			Código: TítuloINF.09 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.09 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.09 2023-2024 (DG)
			Código: Centro INF.10 2023-2024
			Código: Centro INF.11 2023-2024
			Código: TítuloINF.13 2023-2024 (CAV – 1ª Edición)

			Código: TítuloINF.13 2023-2024 (CAV – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (XOR – 1ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (XOR – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (DG – 1ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (DG – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (MXCM) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (CAV – 1ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (CAV – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (XOR – 1ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (XOR – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (DG – 1ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (DG – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (MXCM) Código: Centro INF.21 2023-2024 Código: TítuloINF.22 2022-2023 (CAV) Código: TítuloINF.22 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.22 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.22 2023-2024 (MXCM) Código: TítuloINF.23 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.23 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.23 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.23 2023-2024 (MXCM)
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	Código: TítuloE15 2023-2024 (CAV – 1ª Edición) Código: TítuloE15 2023-2024 (CAV – 2ª Edición) Código: TítuloE15 2023-2024 (XOR – 1ª Edición) Código: TítuloE15 2023-2024 (XOR – 2ª Edición) Código: TítuloE15 2023-2024 (MXCM)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	Código: Centro E16 2023-2024
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	Código: Centro I6-I7 2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PTXAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	Código: Centro I6-I7 2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, etc.)	Código: TítuloINF.13 2023-2024 (CAV – 1ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (CAV – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (XOR – 1ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (XOR – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (DG – 1ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (DG – 2ª Edición) Código: TítuloINF.13 2023-2024 (MXCM) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (CAV – 1ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (CAV – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (XOR – 1ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (XOR – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (DG – 1ª Edición)

			Código: TítuloINF.14 2023-2024 (DG – 2ª Edición) Código: TítuloINF.14 2023-2024 (MXCM)
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e % profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	Código: Centro INF 10 2023-2024
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	Código: TítuloINF.15 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.15 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.15 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.15 2023-2024 (MXCM)
6, 7	I12	Indicadores de resultados (globais para o título; taxas de rendemento, éxito e avaliación tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.17 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.17 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.17 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.17 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.18 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.18 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.18 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.18 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.19 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.19 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.19 2023-2024 (DG) Código: TítuloINF.19 2023-2024 (MXCM)
			Código: Título INF SIIU 2023-2024 (CAV) Código: Título INF SIIU 2023-2024 (XOR) Código: Título INF SIIU 2023-2024 (DG) Código: Título INF SIIU 2023-2024 (MXCM)
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (CAV) Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (XOR) Código: TítuloINF.CiUG 2023-2024 (DG)
7	I14	Resultados de inserción laboral	Código: Título EIL-SIIU 2023-2024 (CAV) Código: Título EIL-SIIU 2023-2024 (XOR) Código: TítuloEIL-ACSUG 2023-2024 (CAV) Código: TítuloEIL-ACSUG 2023-2024 (XOR)
1, 4, 5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, etc.)	Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (CAV) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (XOR) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (DG) Código: TítuloP.Ind 2023-2024 (MXCM)
			Código: TítuloMedUSC 2023-2024 (CAV) Código: TítuloMedUSC 2023-2024 (XOR) Código: TítuloMedUSC 2023-2024 (MXCM)

CAV – Grao en Comunicación Audiovisual
XOR – Grao en Xornalismo

DG – Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
MXCM – Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia

3. ANÁLISE

3.1. Dimensión 1 – Xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora.

3.1.1. Criterio 1 – Organización e desenvolvemento

Neste capítulo do *Informe de resultados* inclúese, segundo o modelo proporcionado polo SCVTI, a análise do perfil de ingreso do alumnado dos títulos que se imparten na Facultade de Ciencias da Comunicación, co obxectivo, entre outros, de deseñar as accións de captación de alumnado, de ser o caso, máis alá da participación nas accións deseñadas, no nivel institucional, pola Universidade de Santiago de Compostela.

3.1.1.1. Grao en Comunicación Audiovisual

Perfil de ingreso

- **Prazas ofertadas:** número de prazas ofertadas para cada curso académico.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	50.00	50.00	50.00	50.00	50.00	50.00


- **Matrícula global:** número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade *incoming*. Inclúe o estudantado de todos os cursos que se imparten no título.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	214.00	210.00	219.00	223.00	219.00	213.00

- **Matrícula de acceso:** número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao estudantado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	58.00	55.00	60.00	59.00	61.00	62.00

A demanda continúa sendo estable e excedentaria con respecto ao número de prazas ofertadas. Polo demais, de cara a estimar a presión do título, a CIUG contabiliza 486 solicitudes en 2018-19, 554 en 2019-20, 647 en 2020-21, 588 en 2021-22, 464 en 2022-23 e 436 en 2023-2024, para realizar estudos de Grao en Comunicación Audiovisual na USC, o que marca unha leve liña descendente nos últimos cursos académicos.



- **Matrícula de novo ingreso por preinscrición:** número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	50.00	50.00	53.00	52.00	55.00	54.00

Se se examina a liña descendente do anterior indicador de matrícula de acceso (IN03G), á luz dos valores do indicador de matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G) pódese inferir que, a pesares de encontrarnos nun marco de descenso do volume xeral da demanda do título, a matrícula de novo ingreso continúa a estar por riba das prazas ofertadas, como adoitou suceder até o momento.

- **Nota media de acceso por preinscrición:** indicador que informa sobre a nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada, informando sobre a nota media de acceso ao título.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	10.79	11.18	11.82	11.96	11.68	11.46

Advirtase que, nos últimos 6 anos, a **nota media** mantense estable arredor dos 11 puntos, como ademais indica o último curso, cun dato que coincide co promedio dos cinco cursos previos.

Segundo datos da CIUG, as **notas de corte** nos últimos 3 cursos académicos foron as que seguen, o que supón un descenso de 1 punto aproximadamente, parello ao descenso en arredor de 150 solicitudes na presión para entrar no título nos últimos dous cursos. Un descenso que hai que

enmarcar nun contexto global que acusa igualmente dita tendencia e, ao mesmo tempo, reforzar se cabe o labor do Centro no marco do Programa A Ponte.

2021-22	2022-23	2023-24
11.100	10.564	10.320

- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados**, sen contabilizar os estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. A moso información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	1.87	1.43	1.83	1.35	0.91	3.67

A CIUG ofrece a seguinte información sobre a procedencia dos estudantes do título en 2023-2024:

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula
España	49	Galicia	49	A Coruña	27
				Lugo	7
				Ourense	2
				Pontevedra	13
		Outras comunidades			
Estranxeiro	4	Países Unión Europea ou con acordo	4		
		Países sen acordo			

- **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados**, sen contabilizar os estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. A moso información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

A pesares de que a CIUG non consigna ningún estudante nacional de fóra de Galicia, a Sección de Matrícula da USC consigna un 1,41%, o que revela unha vez máis que o título segue a dar servizo nomeadamente a estudantes do SUG.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	1.87	1.43	1.83	2.69	3.2	1.41

- **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre (dividido entre) as prazas ofertadas**: número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas.

Un indicador que proporciona información sobre a captación de estudantes, o cal, como se aprecia, segue sendo moi estable, ademais de elevado, pois ofertáronse 50 prazas e o título dispuxo de 96 preinscritos como primeira opción, por enriba das prazas ofertadas.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	80.00	82.00	96.00	84.00	84.00	96.00

- O anterior indicador debe estimarse, ademais, en relación coa **taxa de ocupación**, isto é, o número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas.

Taxa directamente relacionada coa capacidade de captación de alumnado, por enriba do 100%, sendo incluso a segunda máis elevada nos últimos 6 anos:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	100.00	100.00	106.00	104.00	110.00	108.00

Perfil de egreso

Sobre este perfil dispoñemos dunha fonte de información de orde estatístico, que proporciona datos de inserción laboral actualizados. Trátase da *Enquisa de continuidade coa formación e inserción laboral* que xestiona o propio Centro, accesible na súa Web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/calidade/enquisas-satisfaccion>

- **Continuidade coa Formación e Inserción Laboral de Egresados.** Porcentaxe de resposta de egresados que continúan a súa formación, así como porcentaxe de resposta en canto ao grao de colocación de egresados durante os primeiros 5 anos tras o egreso. Aмосa información sobre os egresados que continúan coa súa formación e tamén sobre o grao de colocación de egresados. Corresponde ao rango de Resultados de Inserción Laboral.

Esta enquisa non se enviou aínda aos egresados no curso 2023-2024 e está programada para o mes de setembro, xa que non se cumpriu o prazo inicial para o envío.

Código	Denominación	RUCT
G3041V01	Grao en Comunicación Audiovisual	2501107

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Detección de egresados que continúan a súa formación unha vez graduados, así como detección do grao de colocación de egresados dos títulos durante os primeiros 5 anos tralo egreso.
Poboación:	Egresados do Grao en Comunicación Audiovisual
Método de investigación:	Enquisas a realizar cunha periodicidade de seis meses dende cada convocatoria de TFG: febreiro (setembro e marzo), xullo (febreiro e agosto) e setembro (abril e outubro).
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade de Xestión administrativa do Centro.

Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Egresados por curso	41	50	44	43	47	50	42

En termos concluíntes e revisando os resultados de determinados ítems en todas as cohortes de egreso, podemos advertir o que segue: o 100% dos egresados, a medida que avanza o tempo, continúan a súa formación. Non obstante, o baixo nivel de participación non permite extraer conclusións.

Cohorte de egreso 2017-18	<i>5º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	4,48% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	4,5 / 5 (valor elevado)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 100%

Cohorte de egreso 2018-19	<i>5º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	2% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2 / 5 (valor baixo)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Non 100%

A pesares de estar empregadas as persoas que respostan, paradoxicamente non volverían cursar a titulación.

Cohorte de egreso 2019-20	<i>4º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	2,75% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3 / 5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 100%

Cohorte de egreso 2020-21	<i>3º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	2,33% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	1 / 5 (valor baixo)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Non 100%

De novo, a pesares de que as persoas que respostan están empregadas, non volverían cursar a titulación. Pode aventurarse que na medida en que a resposta é baixa, o grao de aleatoriedade increméntase, por iso é difícil tirar conclusións xerais. De aí que se propuxera unha acción de mellora respecto da participación de egresados/as dos títulos, que está en prazo de execución no momento de elaborar este informe de resultados.

Cohorte de egreso 2021-22	<i>2º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	6,38% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3,33 / 5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	66,67% si 33,33% non
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	100%

Cohorte de egreso 2022-23	1º ano tras a graduación
Taxa de resposta	4% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3 / 5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	50% si 50% non
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	100%

A medida que se avanza no tempo, é maior a porcentaxe de egresados que encontra ocupación, sempre no marco dos que responden á enquisa, e o emprego relacionado cos estudos que realizan.

- **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións:** relación porcentual entre os egresados dun título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo curso académico.

Como se observa, conseguiuase superar o 50% de egresados participantes no programa de prácticas.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	36.00	34.09	39.53	42.55	62.00	57.14

Aínda que o título é excedentario en canto ao número de prazas de prácticas externas ofertadas, e a pesares de manterse por riba do 50% a participación no programa de prácticas, convén desenvolver unha acción de mellora de cara a determinar os aspectos do citado programa que non interesan ao estudantado e inciden negativamente na escolla das prácticas externas.

- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación:** valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a planificación e desenvolvemento do título.

Como se advirte, aínda que se manifesta unha lixeira tendencia á baixa, o título mantense no rango dos 3 puntos.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3.54	-	3.39	3.32	-	3.26

En 2019-2020 non se dispuxo de datos debido á situación de pandemia (confinamento e virtualidade de aulas). Porén, a falla de resposta nesta enquisa requiriu o desenvolvemento dunha acción de mellora ao respecto.

- **Taxa de éxito dos egresados:** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	94.89	95.92	98.45	98.36	97.11	97.7

- **Taxa de idoneidade na graduación:** relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	57.69	76.92	63.04	70.21	83.33	62.79

A taxa de idoneidade na graduación require unha acción de mellora, xa que descende no último curso ata o 62,79%.

- **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados):** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	94.55	95.79	97.15	95.94	93.00	96.22

Cabe analizar a taxa de idoneidade á luz da taxa de rendemento, a cal se incrementa con respecto aos tres últimos cursos académicos, o que indica que o descenso na taxa de idoneidade non implica un descenso no rendemento, logo o estudantado leva a cabo unha previsión satisfactoria da carga de créditos que, a priori, pode superar.

Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso

Tomando en consideración os valores dos indicadores antes expostos, pode inferirse que o Grao en Comunicación Audiovisual continúa a suscitar unha demanda elevada no marco do Centro e do SUG e que segue a dar servizo principalmente ao estudantado da Comunidade Autónoma de Galicia. Estudiantado con expedientes académicos que se atopan no rango dos 11-12 puntos sobre 14, como promedio. Un estudantado progresivamente máis receptivo á hora de realizar prácticas curriculares (57,14%). Respecto aos egresados, mantense a satisfacción coa titulación no rango dos 3 puntos, pero se advirte unha baixa participación na enquisa de satisfacción co título. As taxas de éxito e eficiencia sitúanse arredor do 95%.

Revisión da programación docente

A Comisión Académica e de TFG revisa periodicamente a programación das materias, no contexto da elaboración das guías docentes para cada curso académico. Os coordinadores dos títulos e o equipo decanal establecen os criterios para a revisión da programación das materias, atendendo ao cumprimento do disposto nas memorias verificadas dos títulos (prestando especial atención ás novidades dos títulos de grao modificados, así como á previsión da extinción da edición anterior coa requirida adaptación do sistema de avaliación). Este proceso de revisión faise en coordinación co Departamento de Ciencias da Comunicación nos meses de maio-xuño. No curso 23-24, a Comisión Académica e de TFG revisou a programación docente na sesión do 27/05/24, que foi aprobada na Xunta de Facultade do 06/06/24.

3.1.1.2. Grao en Xornalismo

Perfil de ingreso

- **Prazas ofertadas:**

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	75.00	75.00	75.00	75.00	75.00	75.00


- **Matrícula global:** número total de estudantes matriculados no título, sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade *incoming*.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	357.00	341.00	322.00	321.00	328.00	322.00

- **Matrícula de acceso:** número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	81.00	82.00	81.00	84.00	85.00	87.00

A demanda continúa sendo estable e excedentaria con respecto ao número de prazas ofertadas. Polo demais, de cara a estimar a presión do título, a CIUG contabiliza un total de 409 solicitudes en 2018-19, 516 en 2019-20, 535 en 2020-21, 607 en 2021-22, 484 en 2022-23 e 448 en 2023-24 para realizar estudos de Grao en Xornalismo, o que marca unha leve liña descendente nos últimos dous cursos académicos.



- **Matrícula de novo ingreso por preinscripción:** número de estudantes que se matriculan en primeiro curso dun plan de estudos por primeira, pero sen contar aos estudantes que acceden a través de validacións, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

Neste caso os datos que presenta o título son os seguintes e evidencia que, en canto á demanda, a pesares do descenso na presión con respecto ó título, a matrícula de novo ingreso vén de incrementarse.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	74.00	76.00	78.00	77.00	80.00	80.00

- **Nota media de acceso por preinscrición** dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada, informando sobre a nota media de acceso ao título.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	11.06	11.29	10.98	11.87	11.19	11.17

Se ben a nota media vén acusando un lixeiro descenso desde hai 3 cursos académicos, mantense no rango dos 11 puntos sobre 14, lixeiramente por debaixo no 2023-24 do promedio dos 5 cursos anteriores.

Segundo datos da CIUG, as **notas de corte** nos últimos 3 cursos académicos foron as que seguen, o que supón un descenso de 1 punto, aproximadamente, parello ao descenso en arredor de 150 solicitudes na presión por entrar no título; un descenso que hai que enmarcar nun contexto global que acusa igualmente dita tendencia e, ao mesmo tempo, reforzar se cabe o labor do Centro no marco do Programa A Ponte.

2021-22	2022-23	2023-24
10.650	9.640	9.740

- **A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados**, sen contabilizar os estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2024-25
Total	0.00	0.29	0.93	0.93	1.83	2.11

Esta porcentaxe, aínda que se foi incrementando nos últimos tres cursos académicos, mantense en niveis baixos. Así, consultada a coordinadora do Programa A Ponte co ensino medio no Centro e o coordinador do título de Xornalismo, considérase que se podería propoñer ao Programa a apertura de canles de difusión da titulación en institucións de ensino medio internacionais, a fin de dar a coñecer a oferta académica da Facultade de Ciencias da Comunicación entre o estudiantado internacional en fases temperás do seu proceso de orientación, facilitando ademais a súa ulterior incorporación á USC. Porén, a materialización de dita acción excede as competencias e as capacidades do Centro.

- **A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados**, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	4.20	4.69	3.73	4.05	4.27	5.12

Neste caso, aínda que o indicador ofrece valores en alza, non debe esquecerse que o título, único en Galicia, dá servizo en primeira instancia ao estudantado galego.

A CIUG ofrece a seguinte información sobre a procedencia dos estudantes en 2023-2024. Advirtase que en 2021-2022 a distribución foi de 74 estudantes procedentes de Galicia e 5 doutras CC.AA., en 2022-2023 a distribución foi de 75 estudantes procedentes de Galicia e 4 doutras CC.AA.

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula
España	78	Galicia	72	A Coruña	34
				Lugo	4
				Ourense	6
				Pontevedra	28
Estranxeiro		Outras comunidades	6		
		Países Unión Europea ou con acordo			
		Países sen acordo			

- **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas:** número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas. Este indicador só se proporciona para titulacións de Grao e informa sobre a captación de estudantado.

O indicador amosa unha evolución positiva nos últimos 2 cursos, por riba das 75 prazas ofertadas.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	74.67	78.67	72.00	61.33	81.33	84.00

- **Taxa de ocupación:** número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas. Amosa información sobre a captación de alumnado. O anterior indicador debe examinarse á luz deste que agora nos ocupa, que amosa estabilidade na captación de estudantado, mesmo superando o 100%.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	98.67	101.33	104.00	102.67	106.67	106.67

Perfil de egreso

Sobre este perfil dispoñemos dunha fonte de información de orde estatístico propia do Centro, que proporciona datos de inserción laboral actualizados. Trátase da *Enquisa de continuidade coa formación e inserción laboral* que xestiona o propio Centro, accesible na súa Web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/calidade/enquisas-satisfaccion>

- **Continuidade coa Formación e Inserción Laboral de Egresados:** enquisa propia do Centro. Porcentaxe de resposta de egresados que continúan a súa formación, así como porcentaxe de resposta en canto ao grao de colocación de egresados durante os primeiros 5 anos tras o egreso. Amosa información sobre os egresados que continúan coa súa formación e tamén sobre o grao de colocación de egresados. Corresponde ao rango de resultados de inserción laboral.

Esta enquisa non se enviou aínda aos egresados no curso 2023-2024 e está programada para os próximos meses, xa que non se cumpriu o prazo inicial para o envío.

Código	Denominación	RUCT
G3031V01	Grao en Xornalismo	2501111

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Detección de egresados que continúan a súa formación unha vez graduados, así como detección do grao de colocación de egresados dos títulos durante os primeiros 5 anos tralo egreso.
Poboación:	Egresados do Grao en Xornalismo
Método de investigación:	Enquisas a realizar cunha periodicidade de seis meses dende cada convocatoria de TFG: febreiro (setembro e marzo), xullo (febreiro e agosto) e setembro (abril e outubro).
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade de Xestión administrativa do Centro.

Curso académico	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Egresados por curso	89	80	90	76	62	72	66

En termos concluíntes e revisando os resultados de determinados ítems en todas as cohortes de egreso, podemos advertir o que segue: o 100% dos egresados, a medida que avanza o tempo, están traballando e continúan a súa formación.

Cohorte de egreso 2017-18	5º ano tras a graduación
Taxa de resposta	6,74% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2/5 (valor baixo)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 75%; Non 25%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 75%; Non 25%

Cohorte de egreso 2018-19	5º ano tras a graduación
Taxa de resposta	6,25% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2,40/5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 80%; Non 20%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 20% Non 80%

Cohorte de egreso 2019-20	4º ano tras a graduación
Taxa de resposta	1,11% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	1/5 (valor baixo)
Ítem. Traballa actualmente	100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Non 100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Non 100%

Cohorte de egreso 2020-21	<i>3º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	13,16% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3,25/5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 70%; Non 30%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 85,71%; Non 14,29%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 70%; Non 30%

Cohorte de egreso 2021-22	<i>2º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	9,88% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2,67/5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 66,67%; Non 33,33%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 75%; Non 25%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 33,33 %; Non 66,67 %

Cohorte de egreso 2022-23	<i>1º ano tras a graduación</i>
Taxa de resposta	4,17% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2,67/5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 50%; Non 50%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 66,67%; Non 33,33%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	100%

A taxa de participación na enquisa é baixa, o cal diminúe a posibilidade de extraer conclusións xerais, o que requiriu unha acción de mellora que está en prazo de execución no momento de elaborar este informe de resultados.

- **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións**

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	85.19	80.90	82.05	93.55	88.89	84.85

Se ben debe terse en conta que o título é excedentario en canto ao número de prazas de prácticas externas ofertado, isto é, a oferta é maior que a demanda, convén determinar o motivo do descenso no estudantado que realiza prácticas en 7,7 puntos desde o curso 2021-22 (cando se produce un pico destacado), aínda que na liña dos cursos anteriores. Proponse unha acción de mellora para afondar nos motivos desta evolución.

- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación:** valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a planificación e o desenvolvemento do título.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3.11	—	3.39	3.32	3.09	3.51

- **Taxa de éxito dos egresados:** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.

Como se observa, mantense en valores elevados, arredor do 95%.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	93.85	92.21	97.02	96.83	96.51	96.38

- **Taxa de idoneidade na graduación:** relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Amosa información sobre o grao de eficacia do estudantado e da institución con relación á súa actividade académica.

Aínda que se mantén no rango do 65-70%, cómpre desenvolver unha acción de mellora.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	64.10	71.83	83.33	68.12	71.21	64.79

- **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados):** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	93.78	92.21	94.89	96.08	94.53	95.13

Conclusiones sobre o perfil ingreso-egreso

Tomando en consideración os valores dos indicadores antes expostos, pode inferirse que o Grao en Xornalismo continúa a suscitar unha demanda elevada no marco do SUG e segue a dar servizo eminentemente ao estudantado da Comunidade Autónoma de Galicia, que ademais se trata de estudantado con expedientes académicos no rango dos 11-12 puntos sobre 14, como promedio. Estudiantado que, polo demais, realiza case na súa totalidade (84,85%) prácticas académicas externas, se ben se aprecia un certo descenso. A satisfacción dos egresados co título atópase no rango do notable (3,51). E por último, trátase de estudantado con certa tendencia a demorar a finalización de estudos (só o 64,79% finalizou estudos no tempo previsto polo título), aínda cando as taxas de éxito e de eficiencia están no rango do 95%.

Revisión da programación docente

A Comisión Académica e de TFG revisa periodicamente a programación das materias, no contexto da elaboración das guías docentes para cada curso académico. Os coordinadores dos títulos e o equipo decanal establecen os criterios para a revisión da programación das materias, atendendo ao cumprimento do disposto nas memorias verificadas dos títulos (prestando especial atención ás novidades dos títulos de grao modificados, así como á previsión da extinción da edición anterior coa

requirida adaptación do sistema de avaliación). Este proceso de revisión faise en coordinación co Departamento de Ciencias da Comunicación nos meses de maio-xuño. No curso 23-24, a Comisión Académica e de TFG revisou a programación docente na sesión do 27/05/24, que foi aprobada na Xunta de Facultade do 06/06/24.

3.1.1.3. Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual

Perfil de ingreso

- Prazas ofertadas:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	10.00	10.00	10.00	10.00	10.00	10.00

- Matrícula:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	44.00	55.00	62.00	60.00

Este indicador foi substituído por un indicador con diferente denominación e idéntico contido: **matrícula global**. Amósanse os datos do anterior, a fin de poñer en perspectiva os valores relativos a este novo indicador:

	2022-23	2023-24
Total	61.00	64.00

- Matrícula de acceso:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	12.00	13.00	13.00	11.00	11.00	12.00

- Matrícula de novo ingreso por preinscrición:



	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	12.00	13.00	13.00	11.00	11.00	12.00

- Nota media de acceso por preinscrición: a máis elevada de todos os títulos que se ofrecen no Centro.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	13.14	13.32	12.92	13.09	13.37	12.76

En canto á **nota de corte**, segundo datos da CIUG:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	12.785	12.968	12.176	12.900	12.942	12.342



- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.**

Un itinerario de estudos de 5 cursos (desde a 2ª edición), nun Espazo Europeo de Educación Superior onde imperan os graos de 3 anos e a imposibilidade de satisfacer –salvo minimamente– a demanda do estudantado galego para entrar no título (segundo a CIUG un total de 154 solicitudes para 10 prazas en 2021-22, 142 solicitudes en 2022-23 e 123 solicitudes en 2023-24) fai que, por unha banda, o Dobre Grao resulte escasamente atractivo ao alumnado estranxeiro e, por outra banda, non se estime prioritario facer o título atractivo ao alumnado estranxeiro, polo que non se proporán accións de mellora ao respecto.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00

- **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.** O DG resulta atractivo para estudantes de fóra de Galicia.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	6.82	5.45	4.84	8.33	14.75	10.94

- **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%).**

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	120.00	130.00	130.00	110.00	110.00	120.00

- **Taxa de ocupación (%).**

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	240.00	130.00	130.00	110.00	110.00	120.00

Perfil de egreso

Sobre este perfil dispoñemos dunha fonte de información de orde estatístico propia do Centro, que proporciona datos de inserción laboral actualizados. Trátase da *Enquisa de continuidade coa formación e inserción laboral* que xestiona o propio Centro, accesible na súa Web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-comunicacion/calidade/enquisas-satisfaccion>

- **Continuidade coa Formación e Inserción Laboral de Egresados:** Enquisa propia do centro. Porcentaxe de resposta de egresados que continúan a súa formación, así como porcentaxe de resposta en canto ao grao de colocación de egresados durante os primeiros 5 anos tras o egreso. Amosa información sobre os egresados que continúan coa súa formación e tamén sobre o grao de colocación de egresados. Corresponde ao rango de Resultados de Inserción Laboral.

Esta enquisa non se enviou aínda aos egresados no curso 2023-2024 e está programada para os próximos meses, xa que non se cumpriu o prazo inicial para o envío.

DOBRE GRAO EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

Código	Denominación
G6021V01	Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Detección de egresados que continúan a súa formación unha vez graduados, así como detección do grao de colocación de egresados dos títulos durante os primeiros 5 anos tralo egreso.
Poboación:	Egresados do Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
Método de investigación:	Enquisas a realizar cunha periodicidade de seis meses dende cada convocatoria de TFG: febreiro (setembro e marzo), xullo (febreiro e agosto) e setembro (abril e outubro).
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade de Xestión administrativa do Centro.

	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Egresados por curso	5	11	8	9	10

En termos concluíntes e revisando os resultados de determinados ítems en todas as cohortes de egreso, podemos advertir o que segue.

Cohorte de egreso 2019-20	4º ano tras a graduación
Taxa de resposta	20% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	2 / 5 (valor baixo)
Ítem. Traballa actualmente	Si 100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Non 100%

Cohorte de egreso 2020-21	3º ano tras a graduación
Taxa de resposta	13,16% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3 / 5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 100%

Pode aventurarse que, na medida en que a resposta é baixa, o grao de aleatoriedade increméntase, por iso é difícil extraer conclusións xerais. De aí que se estea desenvolvendo unha acción de mellora no curso 2024-2025 respecto da participación de egresados/as dos títulos.

Cohorte de egreso 2021-22	2º ano tras a graduación
Taxa de resposta	0
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	–
Ítem. Traballa actualmente	–
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	–
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	–

Cohorte de egreso 2022-23	1º ano tras a graduación
Taxa de resposta	11,11% (valor baixo)
Ítem. Considera que a formación recibida na titulación correspóndese coas competencias esixidas polo mercado laboral actual	3 / 5 (valor medio)
Ítem. Traballa actualmente	Si 100%
Ítem. O seu emprego está relacionado coa titulación	Si 100%
Ítem. Se tivera que empezar de novo, volvería cursar a mesma titulación	Si 100%

Algunhas conclusións: o 100% dos egresados, nalgún momento, continúan a súa formación, aínda que non necesariamente avanzado o tempo.

- **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións:**

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	100.00	100.00	100.00	100.00	100.00

- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación:**

	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3.39	3.32	–	3.42

- **Taxa de éxito dos egresados:** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	97.87	97.11	96.01	95.01	97.68

- **Taxa de idoneidade na graduación:** relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso.

	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	27.78	50.00	50.00	30.78

Os valores débense a que o estudantado egresa de xeito escalonado na meirande parte dos casos, antes dos 5,5 anos previstos (na 1ª edición). Consultado o Centro de Datos sobre este indicador, comprobouse que non está correctamente calculado, xa que a aplicación que xera os datos (Xescampus) non pode traballar cunha duración de 5,5 anos, polo que este indicador se calcula sobre 5 (duración inferior á prevista no título). Esta taxa, no curso 2023-24, ten un valor corrixido do 83.00%. Ademais desta incidencia, tendo en conta que a 2ª e 3ª edición do DG ten un plan de estudos estruturado en 5 cursos, non se require acción de mellora e deberá valorarse a súa evolución.

- **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados):** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	97.87	96.79	95.80	95.01	94.31

Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso

Tomando en consideración os valores dos indicadores antes expostos, pode inferirse que o Dobre Grao suscita unha demanda elevada no marco do SUG e que segue a dar servizo ao estudantado da Comunidade Autónoma de Galicia, pero que atrae alumnado nacional de fóra de Galicia. O estudantado conta con expedientes académicos que se atopan no rango dos 13 puntos sobre 14. Na súa totalidade realiza prácticas curriculares. A finalización de estudos estase a realizar de xeito escalonado, aínda cando a taxa de éxito se incrementou no último ano, mentres que a taxa de eficiencia, que representa o axuste entre o que se matricula e o que se supera por parte do estudantado, vén acusando un leve descenso.

Revisión da programación docente

Este programa de simultaneidade componse de materias dos dous graos, polo que a programación docente seguiu o procedemento propio de cada título, coa particularidade de que convivirá un dobre grao novo (3ª edición) cos últimos cursos do dobre grao anterior (1ª edición).

3.1.1.4. Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento

Non se despregarán accións de mellora con respecto a este título, xa que comezará a súa extinción no curso 2024-2025.

Perfil de ingreso

- **Número de prazas ofertadas:**

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	30.00	30.00	30.00

- **Matrícula global:** número de estudantes matriculados en todos os cursos dun título nun curso académico.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	25.00	36.00	34.00

- **Matrícula de acceso:** número de estudantes que se matriculan por primeira vez, incluído o alumnado que traslada expediente, que accede por validación de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	25.00	30.00	23.00

Aínda que o indicador acusa un descenso significativo, a coordinadora do máster achega o dato de solicitudes de admisión: 87 solicitudes recibidas. Xunto a esta información, indagamos no que aconteceu durante o desenvolvemento do curso e identificamos que 7 estudantes non chegaron a presentarse no Centro, principalmente estudantes estranxeiros. Dado que inicialmente deben matricularse, as súas prazas acaban perdéndose se renuncian cando o curso avanza.

- **Matrícula de novo ingreso por preinscrición:** número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	25.00	30.00	24.00

- **Nota media de acceso por preinscrición:**

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	7.73	7.94	7.19

- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados:**

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	20.00	25.00	32.35

De acordo co informe de procedencia xeográfica (INF 16), no curso 2023-24 accedieron estudantes estranxeiros de: Arxentina (3), Cabo Verde (1), China (3) e Uruguai (1).

- **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados:**

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	0.00	2.78	0.00

De acordo co informe de procedencia xeográfica (INF 16), no curso 2023-24 accedieron estudantes de: Salamanca (2) e Valencia (1), aínda que este estudantado é de nacionalidade chinesa.

- **Taxa de ocupación:** número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas. Este indicador ofrece información sobre a captación de alumnado.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	83.33	100.00	80.00

Como se indicou anteriormente, no curso 2023-2024 producíronse baixas de estudantes estranxeiros que finalmente non chegaron a asistir ao máster, polo que esas prazas se perderon e afectan á taxa de ocupación (no mes de outubro, 30 estudantes estaban matriculados nas materias obrigatorias do máster).

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización vén de reforzar as accións institucionais de captación dos mestrados que oferta a USC. Ademais do cal, realizáronse sesións informativas co alumnado de 3º curso dos graos (e dobre grao) que se imparten no Centro, sobre o título de máster, ao tempo que as redes sociais da Facultade realizan accións de divulgación do citado título.

- **Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC:** indicador que amosa información sobre o perfil de ingreso ao tempo que sobre a captación de alumnado por parte do título.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	44.00	22.22	32.35

Perfil de egreso

- **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións:**

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	60.00	70.00	91.67

- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación:** valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a planificación e desenvolvemento do título. No momento de elaborar este informe de resultados, os datos deste indicador foron consultados ao Centro de Datos, onde

verificaron que son correctos os que figuran na AASX e non no panel de indicadores (será solventado coa ATIC).

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3.55	3.67	-

- **Taxa de éxito dos egresados:** relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	97.07	96.15	99.27

- **Taxa de graduación:** relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.

Aínda que este título entrou en extinción no curso 2024-25, cómpre ter en conta esta taxa con carácter preventivo no novo título de máster.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	—	63.64	62.96

- **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados):** Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2021-22	2022-23	2023-24
Total	97.07	92.59	91.58

Conclusións sobre o perfil ingreso-egreso

Tendo en conta os valores dos indicadores expostos, pode concluírse que o Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia ten demanda, aínda que a taxa de ocupación (80% no 2023-24) se debe á anulación de matrícula en estudantado estranxeiro que non é quen de cumprir cos trámites para chegar ao inicio de curso e finalmente renuncia, sendo unha situación que se ten exposto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. O título atrae ao estudantado estranxeiro, especialmente de América Latina e dos territorios lusófonos; a nota de acceso ronda os 7 puntos. O perfil de egreso aproxímase ao dos graduados do Centro en canto ás taxas relativas ós resultados da aprendizaxe. A taxa de graduación ronda o 63%, pero non se propón acción de mellora debido á extinción do título pola implantación dun novo título de mestrado; non obstante, cómpre prestar atención a estes indicadores no novo título. Trátase de estudantado que participa no programa de prácticas por mor do seu afán profesionalizante.

Revisión da programación docente

A Comisión Académica de Máster revisa periodicamente a programación das materias, no contexto da elaboración das guías docentes para cada curso académico. A coordinadora do título e o equipo decanal establecen os criterios para a revisión da programación das materias, atendendo ao cumprimento do disposto nas memorias verificadas dos títulos (prestando especial atención ás novidades do novo título de máster, así como á previsión da extinción do título anterior coa requirida adaptación do sistema de avaliación). Este proceso de revisión faise en coordinación co Departamento de Ciencias da Comunicación nos meses de maio-xuño. No curso 23-24, a Comisión Académica de Máster revisou a programación docente na sesión do 27/05/24, que foi aprobada na Xunta de Facultade do 06/06/24.

3.1.2. Criterio 2 – Información e transparencia

3.1.2.1. Análise de datos sobre información dispoñible

A ACMP recaba e ofrece os seguintes datos relativos á información e á transparencia no marco dos informes que de seguido se detallan.

- **Informe de Satisfacción co programa de prácticas** correspondente a cada título.
 - Ítem. A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada:
 - Grao en Comunicación Audiovisual:
2020-2021: **3,50**; 2021-2022: **3,75**; 2022-2023: **4,20**; 2023-24: **4,13**.
 - Grao en Xornalismo:
2020-2021: **3,69**; 2021-2022: **3,80**; 2022-2023: **4,15**; 2023-24: **3,55**.
 - Dobre Grao:
2020-2021: **3,50**; 2021-2022: **4,50**; 2022-2023: **4,33**; 2023-24: **4,50**.
 - Máster:
2022-23: **5**; 2023-24: **3,50**.
Aínda que este indicador descende notablemente no máster, o título entra en extinción e non se promove acción de mellora.
- **Informe de satisfacción co programa de mobilidade (saínte):**
 - Información dispoñible na web da USC:
 - Grao en Comunicación Audiovisual:
2022-23: **3,45** valor medio / fronte a **3,31** valor global no marco da USC.
2023-24: **5** (1ª ed., 1 resposta); **3,14** (2ª ed.) valor medio / **3,19** valor global.
 - Grao en Xornalismo:
2022-23: **3,80** valor medio / **3,31** valor global.
2023-24: **2,80** valor medio (2ª ed.) / **3,19** valor global.
 - Dobre Grao:
2022-2023: **4** valor medio / **3,31** valor global.
2023-2024: **3,50** valor medio / **3,34** valor global.

Consultado o responsable académico de mobilidade (RAM) do Centro sobre a posibilidade de acometer unha acción de mellora, habida conta do descenso –moderado nuns casos, máis acusado noutros– da valoración media do ítem relativo á información na web, considérase que, tendo en conta que as convocatorias de mobilidade e, polo tanto, a información dispoñible na web da USC depende da [Oficina de Mobilidade](#), o Centro non podería propoñer unha acción de mellora a título particular, dado que a súa intervención circunscríbese a enlazar, dende a web do Centro, a este servizo, que é o que publica e xestiona as convocatorias. Así, nas reunións informativas das diferentes convocatorias de mobilidade e nas reunións dos coordinadores para elaborar acordos de estudos, explícase ao estudantado onde está a información relativa á mobilidade na web da USC, a cal é elaborada polo citado servizo. Ben é certo que, cando o estudantado manifesta ter dificultades coa información, dispón da opción de realizar as consultas aos coordinadores de mobilidade do Centro, ou na propia Oficina de Mobilidade.

- Información sobre as validacións:
 - Grao en Comunicación Audiovisual:
2022-2023: **3,27** valor medio / **3,19** valor global USC.
2023-24: **4** valor medio / **3,16** valor global
 - Grao en Xornalismo:
2022-23: **3,60** valor medio / **3,19** valor global USC.
2023-24: **3,20** valor medio / **3,16** valor global.
 - Dobre Grao:
2022-23: **4** valor medio / **3,19** valor global.
2023-24: **4,25** valor medio / **3,16** valor global.

O título de máster non ofrece programa de mobilidade.

- **Enquisa de Satisfacción do alumnado coa titulación:**

- Consideras que a información sobre a túa titulación é axeitada:
 - Grao en Comunicación Audiovisual:
 2020-21: **3,11**; 2021-2022: **2**; 2022-23: **3,71**; 2023-24: **3,40**.
 - Grao en Xornalismo:
 2020-21: **3,13**; 2021-2022: **2,91**; 2022-23: **3**; 2023-24: **3,43**.
 - Dobre Grao:
 2020-21: **3**; 2021-2022: **3,50**; 2022-23: **3,40**; 2023-24: **4**.
 - Máster: 2022-23: **3,14**; 2023-24: **3,67**.

- **Enquisa de Satisfacción do profesorado coa titulación:**

- Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada:
 - Grao en Comunicación Audiovisual:
 2020-21: **4,16**; 2021-2022: **3,95**; 2022-23: **4,15**; 2023-24: **4,08**.
 - Grao en Xornalismo:
 2020-21: **4**; 2021-2022: **4**; 2022-23: **3,89**; 2023-24: **4,35**.
 - Dobre Grao:
 2020-21: **4,14**; 2021-2022: **4**; 2022-23: **4**; 2023-24: **4,14**.
 - Máster: 2022-23: **3,44**; 2023-24: **4,07**.

3.1.2.2. Revisión da información pública dos títulos

A web do Centro segue a ser a principal ferramenta de visibilización da información relativa aos títulos e do labor de xestión que se leva a cabo na Facultade, sen descoidar os actos anuais de benvinda e a orientación proporcionada polo alumnado titor, entre outras canles a través das redes sociais do Centro. As comisións académicas revisan regularmente a información pública das titulacións do Centro no marco da elaboración deste informe de resultados, que inclúe os aspectos que se detallan na táboa seguinte, conforme ao Anexo II - Información mínima relevante a publicar do título, da Guía de seguimento e acreditación de títulos de grao e mestrado (ACSUG, 2023).

Información pública	Acceso
Denominación do título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Número de créditos e duración do título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Centro responsable do título, ou no seu caso, departamento ou instituto	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Coordinador/a e/ou responsable do título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Centro/s onde se imparte o título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
En caso de títulos conxuntos, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Non procede.
Tipo de ensinanza (tipo de asignatura, nº créditos, resultados de aprendizaxe, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, lingua na que se imparte)	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.)

	DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Lingua(s) na(s) que se imparte o título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Profesións reguladas para as que capacita, de ser o caso	Non procede.
Normativa de permanencia	Normativa > Estudantado
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	Normativa > Estudantado
Memoria vixente do título	GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Obxectivos do título	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Resultados da aprendizaxe	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Criterios de acceso e admisión	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso	Intranet
Perfil de ingreso recomendado	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Condições ou probas de acceso especiais, de ser o caso	Non procede.
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), de ser o caso	Non procede.
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo/a estudante, de ser o caso	MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS,	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.)

organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Horarios	GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Guías docentes/Programación docente	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Traballo fin de grao/máster (comisións de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.)	TFG: Web / Intranet TFM: Web / Intranet
Información sobre as prácticas externas, de ser o caso (entidades colaboradoras...)	Grao: Web / Intranet Máster: Web / Intranet
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) GRAO EN XORNALISMO (3ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) / DOBRE GRAO (3ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (3ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	Directorio Goberno Persoal técnico
Espazos e servizos (aulas e seminarios, laboratorios, salas de informática, salas de estudo, biblioteca, outros servizos dispoñibles, espazos para os representantes de estudantes)	Equipamentos Biblioteca Servizo de préstamo de material
Resultados do título (taxas de graduación, abandono, eficiencia, rendimento, éxito, avaliación, inserción laboral)	Calidade > Indicadores GRAO EN XORNALISMO (1ª ED.) DOBRE GRAO (1ª ED.) GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (1ª ED.) MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA (EXT.)
Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese	Servizo de Calidade / Centro de Datos AASX Enquisas propias
Outras taxas/resultados complementarios que o título fai públicas (por exemplo, informe institucional resultados Docencia)	–

3.1.3. Criterio 3 – Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O SGC contempla a recollida da meirande parte de información relativa ao grao de satisfacción dos distintos grupos de interese no ámbito dos títulos. Ademais, o Centro desenvolve dúas enquisas de satisfacción: unha delas relativa ao GI estudantado sobre a realización do TFG; outra relativa ao GI egresados sobre continuidade de estudos e inserción laboral. Asemade, debido á escasa –e nalgún curso académico nula– participación de titores profesionais de prácticas externas na enquisa de satisfacción correspondente, a instancias da Facultade acórdase coa ACMP asumir o envío particularizado da enquisa elaborada pola ACMP desde o curso 2018-2019, de cara a garantir que os titores profesionais respondan na súa totalidade.

3.1.3.1. Nivel de título

- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida e Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

- Grao en Comunicación Audiovisual (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	3.70	3.79	–	3.87	4.30	4.44
Participación (%)	48.44	30.33	–	34.59	17.00	18.87

- Grao en Comunicación Audiovisual (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	3.98	3.75	4.06
Participación (%)	–	–	–	75.00	26.19	54.38

- Grao en Xornalismo (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	3.62	3.63	–	3.90	3.81	4.18
Participación (%)	44.71	27.24	–	57.20	23.38	47.87

- Grao en Xornalismo (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	3.80	4.00	3.87
Participación (%)	–	–	–	71.26	38.76	60.89

- Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	3.58	3.75	–	4.03	3.89	3.98
Participación (%)	71.43	45.45	–	72.22	23.33	62.50

- Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	4.30	3.40	3.94
Participación (%)	–	–	–	90.91	21.74	62.50

- Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	4.48	4.07	4.39
Participación (%)	–	–	–	41.38	12.12	21.88

A escasa taxa de resposta require unha acción de mellora en CAV e en máster, neste segundo caso preventiva, xa que se trata dun máster extinto.

- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida e Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida

- Grao en Comunicación Audiovisual (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	4.22	–	–	4.19	4.37	4.43
Participación (%)	38.10	–	–	61.76	69.57	55.56

- Grao en Comunicación Audiovisual (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	4.48	4.29	4.23
Participación (%)	–	–	–	72.73	56.52	57.89

- Grao en Xornalismo (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	4.15	–	–	4.14	4.33	4.36
Participación (%)	35.85	–	–	69.05	68.75	80.00

- Grao en Xornalismo (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	3.98	4.23	4.26
Participación (%)	–	–	–	68.42	78.13	65.91

- Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (1ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	4.17	–	–	4.18	4.43	4.43
Participación (%)	43.64	–	–	70.59	72.09	70.37

- Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (2ª ed.):

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	4.27	4.36	4.24
Participación (%)	–	–	–	73.68	73.53	67.35

- Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Valor. global	–	–	–	4.27	4.33	4.23
Participación (%)	–	–	–	69.57	70.37	60.00

Prodúcese un descenso en todos os títulos, excepción feita de CAV, cuxo problema é a participación, comparativamente máis baixa que nos restantes títulos. Así pois, propoñemos unha acción de mellora ao respecto.

- Satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade

- CAV:
 - Valoración media: 3,94 (1ª ed), 3,34 (2ª ed).
 - Orientación da coordinación USC: 5,00 (1ª ed), 3,86 (2ª ed, 23-24); 3,00 (22-23).
- XOR:
 - Valoración media: 3,39 (2ª ed).
 - Orientación da coordinación USC: 4,20 (23-24), 3,60 (22-23).
- DG (1ª ed):
 - Valoración media: 3,97 (23-24).
 - Orientación da coordinación USC: 4,50 (23-24), 4,00 (22-23).

Os datos presentan unha tendencia positiva.

- Satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas

- CAV: 3,72 (23-24), 4,33 (22-23). Acusa descenso, especialmente nos ítems sobre atención recibida polo/a titor/a profesional, actividades desenvolvidas cumpriron expectativas. Débese propoñer acción de mellora.
- XOR: 4,18 (23-24), 4,29 (22-23).
- DG: 4,56 (23-24), 4,50 (22-23).
- MXCM: 4,33 (23-24), 4,78 (22-23). Acusa descenso, pero entra en extinción no 24-25.

- **Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.** Esta enquisa, elaborada pola Sección de Calidade, é enviada polo Centro no caso dos títulos de grao. Preséntanse nas seguintes páxinas os resultados por título.
 - Grao en Comunicación Audiovisual. Obtén a segunda valoración máis elevada, por detrás do Dobre Grao. Aínda que non se incrementa a valoración media, con respecto ao curso 22-23, o número de titores duplícase e, entre os graos, este é o título cuxas prácticas obteñen a maior valoración.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G3041V01	Denominación: Grao en Comunicación Audiovisual	RUCT: 2501107
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Grao en Comunicación Audiovisual.
Poboación:	Dirixido aos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/as titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	16	19	33	28	9	20
Tasa de Resposta	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,87	4,05	4,03	4,12	4,75	4,44
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,87	4,05	4,06	4,18	4,58	4,31
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,75	4,47	4,57	4,50	4,75	4,72
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,87	4,47	4,63	4,59	4,92	4,78
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,62	4,47	4,69	4,38	4,33	4,72
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,69	4,53	4,48	4,56	4,92	4,69
Grao de Satisfacción	4,44	4,34	4,41	4,39	4,71	4,61

- Grao en Xornalismo. Incrementábase a satisfacción en tódolos ítemes e na valoración media.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G3031V01	Denominación: Grao en Xornalismo	RUCT: 2501111
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Grao en Xornalismo
Poboación:	Dirixido aos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/as titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	94	80	107	50	40	53
Tasa de Resposta	90,38%	100 %	100%	100%	100%	100%
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,67	3,92	4,11	4,13	4,10	4,19
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,71	3,87	3,86	4,05	4,00	4,17
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,67	4,70	4,59	4,67	4,70	4,75
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,67	4,71	4,69	4,62	4,72	4,74
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,37	4,55	4,46	4,47	4,33	4,68
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,56	4,66	4,53	4,55	4,63	4,65
Grao de Satisfacción	4,27	4,40	4,37	4,42	4,42	4,50

- Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual. Obtén a valoración máis elevada.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: G6021V01	Denominación: Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
-------------------------	--

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
Poboación:	Dirixido aos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de abril e setembro, coincidindo co remate dos dous períodos de prácticas externas organizados pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/as titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	15	6	28	15	11	11
Tasa de Resposta	100%	100%	100%	100%	100%	100%
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5, 0 1 represente a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,66	3,50	4,25	4,19	4,50	4,50
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,73	3,50	4,00	4,29	4,25	4,64
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,66	5,00	4,80	4,86	5,00	4,86
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,73	5,00	4,90	4,90	5,00	4,93
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,20	4,50	4,60	4,67	4,58	4,64
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,60	4,67	4,90	4,86	5,00	4,86
Grao de Satisfacción	4,26	4,36	4,57	4,63	4,72	4,74

- **Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia.** Descende lixeiramente a valoración media; cabe identificar o ítem valorado por debaixo de 4, isto é, a valoración da formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, de cara a tratalo no marco da coordinación docente.

INFORME DE SATISFACCIÓN DOS/AS TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Código: P3382V01	Denominación: Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento Comunicación Audiovisual.	RUCT: 4317746
-------------------------	--	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción dos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento.
Poboación:	Dirixido aos/as titores/as profesionais das prácticas externas realizadas polo alumnado nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses dende marzo a setembro, coincidindo co remate do período de prácticas externas organizado pola facultade nun curso académico.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email aos/as titores/as profesionais con enlace a un formulario creado ad hoc. O procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	25	13
Tasa de Resposta	100 %	100 %
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media Título
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	4,24	4,15
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	4,16	3,77
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,64	4,77
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,60	4,69
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,60	4,54
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,40	4,54
Grao de Satisfacción	4,44	4,41

- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas

- CAV: 5,00 (23-24), 5,00 (22-23)
- XOR: 4,75 (23-24), 4,88 (22-23)
- DG: 4,88 (23-24), 4,92 (22-23)
- MXCM: 5,00 (23-24), 4,78 (22-23)

- Satisfacción co TFG. Indicador que conta cunha enquisa propia do centro.

- **Grao en Comunicación Audiovisual.** Incrementábase o valor da satisfacción media, pero descende a taxa de participación, polo que haberá que implementar unha acción de mellora. Advirtase que, no caso deste grao, o único valor por debaixo de 4,67 é o relativo ao ítem sobre a utilidade da guía relativo ó TFG, á que se lle outorga un 4,5. O grao de satisfacción, valor promedio, incrementouse máis de 1 punto con respecto ao curso 2022-2023, aínda cando descendeu a participación.

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCIÓN CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3041V01	Denominación: Grao en Comunicación Audiovisual	RUCT: 2501107
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	15	28	9	4	11	14	6
Tasa de Resposta	36,59%	56,00%	20,45%	9,30%	23,40%	28,00%	14,29%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título						
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	3,00	3,18	2,22	2,75	3,00	3,07	4,67
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	3,47	3,33	2,22	2,00	3,00	3,00	4,50
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	4,26	3,96	3,77	3,00	3,73	3,71	4,67
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	4,20	3,79	4,00	2,75	3,82	3,57	4,67
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	4,20	4,25	4,22	4,00	4,64	3,64	4,67
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	3,60	3,79	4,00	3,00	4,64	3,36	4,67
Grao de Satisfacción co TFG	3,78	3,72	3,40	2,92	3,80	3,39	4,64

- **Grao en Xornalismo.** Aínda que aumenta o valor da satisfacción media, descende a taxa de participación, tamén neste título, polo que cabe implementar unha acción de mellora. No caso deste grao, os ítems relacionados coa titorización son, unha vez máis, aqueles nos que se obteñen valores máis elevados, ao tempo que se incrementa lixeiramente o valor medio de satisfacción co TFG, aínda que tamén descende a participación.

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCIÓN CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3031V01	Denominación: Grao en Xornalismo	RUCT: 2501111
-------------------------	---	----------------------

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	32	51	19	24	13	25	8
Tasa de Resposta	36,78%	63,75%	21,11%	31,17%	20,97%	34,72%	12,12%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título						
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	2,18	2,64	2,74	2,13	2,77	3,60	3,63
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	2,43	2,74	2,68	2,50	2,45	3,22	3,38
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	3,37	3,43	3,74	3,79	4,23	4,36	4,50
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	3,31	3,51	3,68	3,83	4,15	4,28	4,63
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	3,75	3,92	4,10	3,75	3,77	4,04	3,88
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	4,28	4,25	3,79	3,83	4,08	3,56	3,5
Grao de Satisfacción co TFG	3,22	3,41	3,45	3,31	3,58	3,84	3,92

- **Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual.** Neste caso, descende tanto o valor da satisfacción media, como a taxa de participación na enquisa, polo que haberá que axustar a esta casuística a acción de mellora correspondente. Cunha única resposta recibida, cómpre promover acción de mellora para incrementar a taxa de resposta e poder valorar a evolución.

INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO E SATISFACCION CO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Código: G3061V01	Denominación: Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
------------------	---

FICHA TÉCNICA	
Obxecto de estudo	Grao de satisfacción do estudantado co proceso de xestión e coa información facilitada sobre o TFG.
Poboación:	Dirixido a estudantes dos graos e dobre grao que soliciten a defensa do TFG nun determinado curso académico.
Método de investigación:	Enquisas a realizar nos meses de febreiro, xullo e setembro, coincidindo coas convocatorias anuais de TFG.
Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:	Envío de email ao alumnado interesado con enlace a formulario creado ad hoc; o procesamento estatístico e técnico dos datos levarase a cabo na Unidade Administrativa do Centro.

CURSO ACADÉMICO	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Número de Cuestionarios Cubertos	1	4	1	4	1
Tasa de Resposta	20,00%	36,36%	12,50%	44,44%	10,00%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título				
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	2,00	3,00	3,00	4,00	5,00
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	2,00	2,75	3,00	4,00	3,00
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	1,00	4,00	4,00	4,00	4,00
En xeral, estás satisfeita/o coa tutorización	1,00	4,00	4,00	4,00	4,00
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	1,00	4,00	4,00	4,00	4,00
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	1,00	3,75	2,00	4,75	3,00
Grao de Satisfacción co TFG	1,33	3,58	3,33	4,13	3,83

Sobre o **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación**, fíxose a correspondente exposición e análise de datos no capítulo adicado á análise do perfil de egreso.

3.1.3.2. Nivel de centro

- **Satisfacción de estudantes cos programas de mobilidade (entrante)**
 - Ítem. Valora globalmente a túa experiencia:
 - 2022-2023: 3,60 valoración media / 3,60 valoración global USC
 - 2023-2024: 3,67 valoración media / 4,13 valoración global USC

De cara a estimar a representatividade da mostra e, ao mesmo tempo, de cara a determinar a necesidade dunha acción de mellora, a información que acompaña á enquisa, facilitada polo Centro de Datos, é de 38 estudantes convidados a responder, 3 enquisas cubertas, 7,89% de participación.

- **Satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido**
 - Ítem. En xeral, síntome satisfeito co meu traballo:
 - 2022-2023: 4,67 valoración media / 4,67 valoración global USC.
 - 2023-2024: 4,88 valoración media / 4,04 valoración global USC.

Aínda que a valoración é moi elevada, a taxa de participación descendeu significativamente con respecto ao curso anterior (2022-2023: 57,14%; 2023-2024: 36,36%). Polo demais, tanto a satisfacción do PTXAS coas accións formativas, como a satisfacción do PDI coas accións formativas, mídense no conxunto da USC, polo que os seus resultados son escasamente reveladores a nivel de Centro.

3.1.3.3. Seguimento das accións contidas no *Plan de melloras* dos títulos da Facultade de Ciencias da Comunicación para o curso 2024-2025

Acción de mellora – Participación dos egresados nas enquisas			
Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2024-2025)-01 / XOR (2024-2025)-01 / DGXORCAV (2024-2025)-01 MUXCM (2024-2025)-01
		Tipo	Acción de título
	Orixe	Orixe acción	IN42G/M Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación
		Descrición orixe	Seguimento do título
	Definición	Análise causa	Grao en Comunicación Audiovisual, Dobre Grao e Máster: non houbo resposta en 2022-2023. Grao en Xornalismo: o valor descende dende hai 3 cursos académicos (20-21: 3,39 / 21-22: 3,32 / 22-23: 3,09), se ben, houbo resposta.
		Definición/descrición proposta	Para todos os títulos: A Universidade envía esta enquisa arredor do mes de novembro do ano en que egresa o estudiantado. Pouco antes do envío da enquisa, farase un chamamento á participación a través das redes sociais do centro, concretamente a través de Instagram, cuxa sección Alumni resulta moi atractiva para os egresados, quen difunden moitas das súas creacións, ou ilustran ao estudiantado dos títulos en diferentes aspectos (saídas laborais, prácticas en empresas, etc.): #alumnifacomusc https://www.instagram.com/explore/tags/alumnifacomusc/ - A acción está pendente de realización debido a que en 2024, por causas institucionais que exceden ao Centro, aprobáronse tanto as memorias de calidade como os plans de mellora en outono de 2024, polo que non se puido implementar a acción no período axeitado. Polo tanto, reprogramouse para o curso 2025-2026, xa que non é posible completala neste curso. Para o Grao en Xornalismo: Consultado o Informe sobre a enquisa de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, son os ítems sobre a utilidade da titulación para o mercado laboral (2,33), formación práctica (2,17) e creatividade (2,67) os que teñen unha valoración máis modesta, polo tanto, será o coordinador do título quen realizará sucesivas reunións de traballo con delegados e coordinadores de curso, de cara a solventar os déficits que o estudiantado percibe no título. - A coordinación do título acometeu o Informe da Enquisa de satisfacción xeral dos egresados coa titulación no marco da reunión de coordinación docente durante o 2º cuatrimestre (02/04/2025), de cara a que os representantes do estudiantado (delegados de curso) se pronunciaran. Ningún dos asistentes manifestou coincidir con esta apreciación dos ítems sinalados.

		Data prevista de finalización	31/12/2024
		Data inicio	30/09/2024 CAV – 15/02/2024 XOR [corrixida: 02/09/2024, xa que non pode ser previa ao inicio do curso]
Responsables	Usuario responsable da implantación	CAV, Dobre Grao, Máster; equipo responsable de redes sociais do centro, vicedecana de estudantes, responsable do programa A Ponte no Centro, técnica de medios audiovisuais, coordinadora da OIX (Oficina de Igualdade de Xénero).	
	Outros responsables da implantación	XOR - Coordinador do título de Grao en Xomalismo, coordinadores/as de curso e delegados/as.	
Finalización	Estado	Finalizada	
	Data estado	09/05/2025	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Abril 2025	

Acción de mellora – Taxa de eficiencia e de éxito			
Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2024-2025)-02 / XOR (2024-2025)-02 / DGXORCAV (2024-2025)-02
		Tipo	Acción de título
	Orixe	Orixe acción	IN53G-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) IN50G-Taxa de éxito dos egresados
		Descrición orixe	Seguimento do título
	Definición	Análise causa	CAV. Descenso sostido desta taxa (IN53G) nos últimos tres cursos académicos: 20-21: 97,15% / 21-22: 96,94% / 22-23: 93,00% XOR. Descenso desta taxa (IN53G) nos últimos dous cursos académicos: 21-22: 96,08% / 22-23: 94,53% DG. Descenso sostido desta taxa (IN53G) nos últimos tres anos académicos: 20-21: 96,79% / 21-22: 95,80% / 22-23: 95,01%. Asemade acusa un descenso IN50G: 20-21: 97,11% / 21-22: 96,01% / 22-23: 95,01%.
		Definición/descrición proposta	Promover a celebración dunha sesión informativa, a cargo do alumnado titor e a responsable de calidade, na que se traslade ó alumnado a necesidade e a importancia de que a matrícula de créditos estea axustada, polo tanto, ben dimensionada conforme ás posibilidades de cadaquén. - O alumnado titor optaría, finalmente, por elaborar un vídeo realizando a pedagogía que a acción planteaba no marco dunha reunión informativa: a concienciación da relevancia da taxa de éxito e de eficiencia. Publicouse o vídeo no perfil de Instagram, co alumnado titor explicando a taxa de éxito e de eficiencia, así como promocionando unha enquisa para detectar causas do descenso de ambas taxas. - Desenvolveron unha enquisa que se difundiría a través da unidade administrativa do Centro, unha vez publicado o vídeo nas redes sociais da Facultade. Nesta enquisa o obxectivo é analizar as causas do decenso na taxa de éxito dos egresados; a enquisa enviouse ao estudantado que ten créditos sen superar. - Obtiveron 58 respostas, cun 82,8% indicando que non deixaron créditos pendentes ao longo da súa titulación. No caso do estudantado que deixou créditos sen superar, non se identifica un patrón común. 7 dos 10 que están nese situación indican que lles xera estrés e ansiedade; indican que axudaría unha maior flexibilidade na avaliación ou cambios na metodoloxía docente para superar a materia, non obstante, as materias pendentes son diversas.
		Data prevista de finalización	20/12/2024
		Data inicio	01/04/2024 [corrixida: 02/09/2024, xa que non pode ser previa ao inicio do curso]
	Responsables		Usuario responsable da implantación

	Outros responsables da implantación	Alumnado tutor
Finalización	Estado	Finalizada
	Data estado	09/05/2025
	Comprobación	Periódica
	Data comprobación	Abril 2025

Acción de mellora – Participación do estudantado nas enquisas			
Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2024-2025)-03 / XOR (2024-2025)-03 / DGXORCAV (2024-2025)-03 MUXCM (2024-2025)-02
		Tipo	Acción de título
	Orixe	Orixe acción	Enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.
		Descrición orixe	Seguimento do título
	Definición	Análise causa	A participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi a seguinte: ○ CAV: 22,12% ○ XOR: 38,76% ○ DG: 23,33% ○ MUXCM: 12,12%
		Definición/descrición proposta	Os/as delegados/as de curso, a instancias do alumnado titor, organizarán unha axenda, que trasladará ao profesorado e ao alumnado das materias obxecto de enquisa, de cara a destinar 10 minutos do horario das citadas materias para realizar a enquisa correspondente. • Esta axenda de visitas foi trasladada, finalmente, ao alumnado titor, que percorreu as aulas utilizando un anaco de cada materia para que o estudantado cubrira as enquisas reforzando, asemade, a importancia que tiñan. Ademais do cal, ocupáronse de enviar a información a través de redes sociais a todos os cursos de grao e dobre grao. • Aínda que a data inicialmente prevista para a finalización era decembro de 2024, semella coherente ampliálo ao 2º semestre co fin de manter esta acción no 2º período de enquisas de satisfacción coa docencia. Deste xeito, o alumnado titor seguiu o mesmo procedemento de visita ás aulas, ademais dos avisos a través de aulas de coordinación dos títulos.
		Data prevista de finalización	31/12/2024 (ampliada a 31/05/2025)
		Data inicio	01/03/2024 [corrixida: 02/09/2024, xa que non pode ser previa ao inicio do curso]
Responsables		Usuario responsable da implantación	Responsable de calidade
		Outros responsables da implantación	Alumnado titor Delegados/as de curso
Finalización		Estado	Finalizada
		Data estado	09/05/2025
		Comprobación	Periódica
		Data comprobación	Abril 2025

Acción de mellora – Satisfacción coas prácticas externas			
Definición	Acción de mellora	Código	XOR (2024-2025)-04
		Tipo	Acción de título
	Orixe	Orixe acción	IN19G Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas
		Descrición orixe	Seguimento do título
	Definición	Análise causa	O indicador acusa un leve descenso nos tres últimos cursos académicos: 20-21 (4,44), 21-22 (4,34), 22-23 (4,29).
		Definición/descrición proposta	Promover dende a coordinación do programa de prácticas externas unha rolda de xuntanzas co alumnado que está desfrutando do período de prácticas, destinadas a detectar posibles problemas, necesidades de axuste, etc., susceptibles de se subsanar. Finalizados dous dos tres períodos de prácticas anuais, levarase a cabo a citada xuntanza nas próximas semanas, antes de iniciarse o período de prácticas de verán. No momento da última comprobación desta acción, a xuntanza está prevista para ser convocada.
		Data prevista de finalización	30/06/2025 (corrixida errata, xa que constaba 30/06/2024)
		Data inicio	01/03/2024 [corrixida: 02/09/2024, xa que non pode ser previa ao inicio do curso]
Responsables		Usuario responsable da implantación	Coordinadora do Programa de Prácticas Externas
		Outros responsables da implantación	–
Finalización		Estado	En proceso
		Data estado	09/05/2025
		Comprobación	Periódica
		Data comprobación	Xullo 2025

3.1.3.4. Seguimento das accións contidas no Plan estratéxico do Centro 2024-2026

Acción PEC – Innovación educativa na formación teórico-práctica			
Definición	Acción	Código	1.1.1 / 2.1.1
		Tipo	Plan Estratéxico do Centro
	Orixe	Orixe acción	IN46G-IN46M Satisfacción do alumnado coa docencia recibida
		Descrición orixe	Seguimento do título
		Liña estratéxica	1-2: Xestión da Calidade da docencia e Coordinación da oferta
		Obxectivo estratéxico	Mellora da calidade da docencia
	Definición	Análise causa	Na totalidade dos títulos (grao, dobre grao e máster) que ofrece a Facultade de Ciencias da Comunicación advírtese unha tripla tendencia, polo que se refire á satisfacción do alumnado coa docencia, tomando como referencia os seguintes informes facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (USC): - Informe de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos - Informe de Satisfacción xeral do alumnado coa titulación 1º. O alumnado outorga á asistencia a clase de cara á comprensión de contidos un valor máis modesto que o conferido á axuda recibida en titorías, por parte dos mesmos docentes. 2º. A valoración que o alumnado realiza tanto dos docentes, como da formación práctica que reciben, varía substancialmente entre o período no que este permanece nos títulos, e unha vez que egresa, de xeito que os ítemes que miden a docencia práctica, en particular, inciden negativamente nas valoracións xerais do Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos. 3º. Valórase, igualmente, de xeito modesto a organización dos títulos, a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos.
		Definición/descrición proposta	Promover a innovación educativa na formación teórico-práctica mediante a implementación da metodoloxía docente Aprendizaxe baseada en problemas. Meta: no ítem "Asistencia a clase para comprender", valor obxectivo a acadar: 5/5 (Enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida). Evidencias: Os/as coordinadores/as dos títulos de grao e máster informarán nas respectivas Comisións Académicas, e constará en acta, da incorporación de dita metodoloxía nas ensinanzas teórico-prácticas. - A metodoloxía a implementar será Aprendizaxe baseada en proxectos ou Resolución de problemas, que son as nomenclaturas recollidas nas MVT. - Xornalismo: o coordinador do título fai constar que estas metodoloxías se incorporan nos programas para o curso 25-26, polo menos, en Redacción informativa, Deontoloxía xornalística e sistemas de gobernanza, Movementos xornalísticos e Narrativas dixitais. - Comunicación Audiovisual: o coordinador do título informa da incorporación desta metodoloxía nos programas do curso 25-26 das seguintes materias: Linguaxe

			audiovisual, Ideación e narrativa audiovisual, Dereito da comunicación e propiedade intelectual, Tecnoloxías audiovisuais e multimedia, Fundamentos da produción audiovisual, Guión e adaptación e Novos formatos e multimedia. A finais do curso 25-26 haberá que valorar o desenvolvemento das materias que implementaron estas metodoloxías cun breve informe dos docentes.
		Data inicio	01/02/2024
		Data prevista de finalización	31/12/2026
Responsables	Usuario responsable do seguimento	Coordinadores/as dos títulos de grao, dobre grao e máster.	
	Usuario responsable da execución	A totalidade do PDI dos títulos con docencia interactiva.	
	Outros responsables da execución	–	
Finalización	Estado	En proceso	
	Data estado	09/05/2025	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Decembro 2025	

Acción PEC – Implementación da Mención Dual			
Definición	Acción	Código	1.1.2 / 2.1.2
		Tipo	Plan Estratéxico do Centro
	Orixe	Orixe acción	Satisfacción de egresados: IN42G. Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación. Resultados da Enquisa de satisfacción de egresados. Enquisa de satisfacción coa titulación.
		Descrición orixe	Seguimento do título
		Liña estratéxica	1-2: Xestión da Calidade da docencia e Coordinación da oferta
		Obxectivo estratéxico	Mellora da calidade da docencia
	Definición	Análise causa	Na totalidade dos títulos (grao, dobre grao e máster) que ofrece a Facultade de Ciencias da Comunicación advírtese unha tripla tendencia, polo que se refire á satisfacción do alumnado coa docencia, tomando como referencia os seguintes informes facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (USC): - Informe de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos - Informe de Satisfacción xeral do alumnado coa titulación 1º. O alumnado outorga á asistencia a clase de cara á comprensión de contidos un valor máis modesto que o conferido á axuda recibida en titorías, por parte dos mesmos docentes. 2º. A valoración que o alumnado realiza tanto dos docentes, como da formación práctica que reciben, varía substancialmente entre o período no que este permanece nos títulos, e unha vez que egresa, de xeito que os ítemes que miden a docencia práctica, en particular, inciden negativamente nas valoracións xerais do Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos. 3º. Valórase, igualmente, de xeito modesto a organización dos títulos, a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos.
		Definición/descrición proposta	Implementación da Mención Dual nos títulos tal como se recolle no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Evidencia documental: actas das comisións académicas. Metas: a. Enquisa de satisfacción de egresados: Ítem sobre formación práctica; valor obxectivo a acadar: 5/5 . Ítem sobre docentes; valor obxectivo a acadar: 5. b. Enquisa de satisfacción coa titulación: Ítem sobre se a titulación é equilibrada nos contidos teóricos e prácticos; valor obxectivo a acadar: 5/5.
		Data inicio	01/02/2025

		Data prevista de finalización	31/12/2026
Responsables	Usuario responsable do seguimento	Coordinadores/as dos títulos de grao, dobre grao e máster.	
	Usuario responsable da execución	Todos os integrantes das comisións académicas.	
	Outros responsables da execución	–	
Finalización	Estado	En proceso	
	Data estado	09/05/2025	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Decembro 2025	

Acción PEC – Axenda electrónica			
Definición	Acción	Código	1.1.3 / 2.1.3
		Tipo	Plan Estratégico do Centro
	Orixe	Orixe acción	Indicadores: 1. Enquisa de satisfacción coa titulación. 2. IN 27 USC. Formación do estudantado en competencias dixitais (PEUSC- Indicadores xerais) 3. IN específico USC. Sistemas de apoio á docencia en liña (PEUSC)
		Descrición orixe	Seguimento do título
		Liña estratéxica	1-2: Xestión da Calidade da docencia e Coordinación da oferta
		Obxectivo estratéxico	Mellora da calidade da docencia
	Definición	Análise causa	Na totalidade dos títulos (grao, dobre grao e máster) que ofrece a Facultade de Ciencias da Comunicación advírtese unha tripla tendencia, polo que se refire á satisfacción do alumnado coa docencia, tomando como referencia os seguintes informes facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (USC): - Informe de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos - Informe de Satisfacción xeral do alumnado coa titulación 1º. O alumnado outorga á asistencia a clase de cara á comprensión de contidos un valor máis modesto que o conferido á axuda recibida en titorías, por parte dos mesmos docentes. 2º. A valoración que o alumnado realiza tanto dos docentes, como da formación práctica que reciben, varía substancialmente entre o período no que este permanece nos títulos, e unha vez que egresa, de xeito que os ítemes que miden a docencia práctica, en particular, inciden negativamente nas valoracións xerais do Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos. 3º. Valórase, igualmente, de xeito modesto a organización dos títulos, a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos.
		Definición/descrición proposta	Elaboración dunha axenda electrónica dispoñible a través do Campus Virtual da USC. Evidencia documental: Campus virtual e actas das comisións académicas nas que os/as coordinadores/as dos títulos informarán sobre activación e funcionamento de dita axenda. Metas: Enquisa Satisfacción coa titulación, ítem "A carga de traballo está ben distribuída", valor obxectivo a acadar: 5/5. Formación estudantado en competencias dixitais, valor obxectivo a acadar: 100% usuarios da axenda electrónica. Nos graos fíxose unha implementación piloto no 2º semestre do curso 24-25. O nivel é desigual entre cursos, polo que se deberá reforzar esta acción ao comezo do curso 25-26. Tamén se detectan algunhas cuestións que serán útiles para incorporar: non se trata de volcar no calendario todas as actividades de aula, o estudantado non ten permisos para editar ese

			calendario (é responsabilidade do equipo docente das materias e da coordinación dos cursos), débese evitar acumular as entregas ao final do período docente (por exemplo, se unha materia ten 3 entregas no semestre débense secuenciar e non deixar as 3 para o final).
		Data inicio	01/02/2024
		Data prevista de finalización	31/12/2026
Responsables		Usuario responsable do seguimento	Coordinadores/as dos títulos de grao, dobre grao e máster.
		Usuario responsable da execución	Delegados/as de curso e coordinadores docentes de curso.
		Outros responsables da execución	–
Finalización		Estado	En proceso
		Data estado	09/05/2025
		Comprobación	Periódica
		Data comprobación	Maio 2026

Acción PEC – Incorporación de estudantes na Comisión de Mobilidade				
Definición	Acción	Código	3.1.1	
		Tipo	Plan Estratéxico do Centro	
	Orixe	Orixe acción	Indicador IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.	
		Descrición orixe	Seguimento do título	
		Liña estratéxica	3: Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión	
		Obxectivo estratéxico	Mellora da participación do alumnado nos órganos de goberno e de xestión do centro	
	Definición	Análise causa	Xustificación do obxectivo estratéxico: A participación do alumnado nos órganos de goberno do centro, algúns dos cales forman parte da estrutura de desenvolvemento do SGC, debe estar garantida nun dobre sentido. - Mediante a designación, a través de sufraxio, dos representantes electos que haberán de ser suficientes en número para ter representación en tódalas comisións do centro. Porén, nalgúns órganos de goberno, como é a Comisión Permanente da Xunta de Facultade, ocasionalmente teñen quedado vacantes os postos correspondentes ao estudantado. - Mediante a asistencia continuada ás xuntanzas das citadas comisións. Porén, apréciase a ausencia reiterada dos representantes do alumnado nas xuntanzas das diferentes comisións. - Mediante a ocupación de todas as prazas de alumnado-titor dispoñibles por curso académico e por grao: 4 para o Grao en Xornalismo, 4 para o Grao en Comunicación Audiovisual. Na enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade, os ítems relativos á información proporcionada no marco da mobilidade saínte teñen un valor 03. A incorporación de representantes do alumnado á Comisión de Mobilidade do centro, podería subsanar os déficits de información que estudantado puidera apreciar con respecto ao programa de mobilidade saínte do centro.	
		Definición/descrición proposta	Promover a actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Comunicación, incorporando o grupo de interese estudantado na Comisión de Mobilidade. Evidencia documental: texto do RRI reformado. Metas: Incorporar 2 representantes de estudantes, un por cada grao na Comisión de Mobilidade. Informe de satisfacción coa mobilidade saínte. Ítems (valor obxectivo a acadar: ≥4): 1. Información dispoñible na web da USC. 2. Información dispoñible na web da universidade escollida. 3. Servizo de Relacións Exteriores. 4. Información sobre as validacións.	
		Data inicio	01/09/2025	
		Data prevista de finalización	31/07/2026	
Usuario responsable		Equipo decanal.		

Responsables	do seguimento	
	Usuario responsable da execución	Secretario académico do centro e coordinador RAM.
	Outros responsables da execución	–
Finalización	Estado	Aberta
	Data estado	09/05/2025
	Comprobación	Periódica
	Data comprobación	Decembro 2025

Acción PEC – Eleccións do alumnado-titor			
Definición	Acción	Código	3.1.2
		Tipo	Plan Estratéxico do Centro
	Orixe	Orixe acción	Participación do estudantado nos procesos electorais (procurar incremento no IN propio da USC). Número de prazas de alumnado-titor cubertas (procurar incremento).
		Descrición orixe	Seguimento do título
		Liña estratéxica	3: Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión
		Obxectivo estratéxico	Mellora da participación do alumnado nos órganos de goberno e de xestión do centro
	Definición	Análise causa	Xustificación do obxectivo estratéxico: A participación do alumnado nos órganos de goberno do centro, algúns dos cales forman parte da estrutura de desenvolvemento do SGC, debe estar garantida nun dobre sentido. - Mediante a designación, a través de sufraxio, dos representantes electos que haberán de ser suficientes en número para ter representación en tódalas comisións do centro. Porén, nalgúns órganos de goberno, como é a Comisión Permanente da Xunta de Facultade, ocasionalmente teñen quedado vacantes os postos correspondentes ao estudantado. - Mediante a asistencia continuada ás xuntanzas das citadas comisións. Porén, apréciase a ausencia reiterada dos representantes do alumnado nas xuntanzas das diferentes comisións. - Mediante a ocupación de todas as prazas de alumnado-titor dispoñibles por curso académico e por grao: 4 para o Grao en Xornalismo, 4 para o Grao en Comunicación Audiovisual.
		Definición/descrición proposta	Promover as candidaturas a alumnado titor ao finalizar o primeiro cuadrimestre, previo ao inicio do período de exames, que serán votadas polo estudantado de 1º a 3º curso de cada grao e notificadas no decanato do Centro. A convocatoria saíu no curso 24-25 no mes de febreiro, non foi posible implementalo nese curso como estaba previsto e se debe programar a execución para febreiro de 2026. Evidencia documental: actas da Comisión de Calidade onde se recolla a proclamación de candidaturas e, posteriormente, o nomeamento do alumnado-titor. Meta: Acadar 8 alumnos/as titores/as, isto é, a totalidade das prazas cubertas, distribuídos en 4 para o Grao en Xornalismo e 4 para o Grao en Comunicación Audiovisual. Valor obxectivo a acadar: 100% das prazas cubertas.
		Data inicio	01/02/2024
		Data prevista de finalización	31/07/2026
Responsables	Usuario responsable do seguimento		Equipo decanal.
	Usuario responsable da execución		Coordinadores académicos de curso.

	Outros responsables da execución	–
Finalización	Estado	Aberta
	Data estado	09/05/2025
	Comprobación	Periódica
	Data comprobación	Febreiro 2026

Acción PEC – Incorporación do Comité Consultivo no ciclo do SGC			
Definición	Acción	Código	4.1.1
		Tipo	Plan Estratéxico do Centro
	Orixe	Orixe acción	Indicador: Procesos de calidade (IN propio da USC).
		Descrición orixe	Seguimento do título
		Liña estratéxica	4: Colaboración coa contorna
		Obxectivo estratéxico	Mellora da colaboración coa contorna
	Definición	Análise causa	Xustificación do obxectivo estratéxico: Dado que o recentemente creado Comité Consultivo da Facultade de Ciencias da Comunicación forma parte dos órganos de calidade do centro, é preciso que se insira no ciclo anual de calidade. Para elo, é preciso dotalo dunha estrutura e dinámica de funcionamento no marco do SGC, evitando deste xeito, ademais, que se converta nun órgano inoperante.
		Definición/descrición proposta	Recolle e regulamentar no marco do Manual do SGC do Centro, os seguintes aspectos relativos ao órgano Comité Consultivo: - Estructura: integrantes e frecuencia de renovación, garantindo a presenza de egresados. - Funcións concretas e operativas. - Frecuencia mínima de xuntanzas. Mecanismos de seguimento e rendición de contas: actas, informes, Memoria de Calidade e Plan de melloras. Evidencia documental: texto do Manual do SGC reformado. Metas: Incluír os seguintes aspectos no MSGC do Centro: - O Comité Consultivo deberá reunirse, como mínimo, 1 vez ao ano, renovar de xeito bienal os seus membros, incluír 1 representante de egresados de cada título (2 de grao e 1 de máster), deixará constancia en acta dos seus acordos que se publicará na web do Centro, e poderá emitir informes. - Descrición pormenorizada no Manual do SGC do Centro (epígrafe 1.3 Órganos de goberno - Comisións) das funcións e integrantes do Comité Consultivo. - Descrición pormenorizada no Manual de Procedementos do Centro, no marco do PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades, epígrafe 2 Desenvolvemento, punto 5 Recompilación e exposición de información sobre o grupo de interese sector profesional/empresas, de todas aquelas cuestións concluíntes procedentes da actividade do Comité Consultivo.
		Data inicio	01/02/2024
		Data prevista de finalización	31/12/2026
		Responsables	Usuario responsable do seguimento
			Equipo decanal.

	Usuario responsable da execución	Responsable de calidade do centro.
	Outros responsables da execución	–
Finalización	Estado	Aberta
	Data estado	09/05/2025
	Comprobación	Periódica
	Data comprobación	Decembro 2025

3.2. Dimensión 2 – Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título.

3.2.1. Criterio 4 – Recursos humanos

PDI

Cadro de PDI por categoría

A evolución non se pode analizar debido á implantación progresiva das novas edicións, de todos os xeitos cúmprese –con pequenos axustes– co establecido na MVT.

▪ Grao en Comunicación Audiovisual

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Comunicación Audiovisual		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		
		RUCT: 2501107		
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Predoutoral	1	12.5%	24.0	4.88%
Profesor/a: Lector/a	1	12.5%	48.0	9.76%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	3	37.5%	240.0	48.78%
Profesor/a: Titular de Universidade	3	37.5%	180.0	36.59%
Total general	8	100.0%	492.0	100.0%

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Comunicación Audiovisual (2ºed)		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		
		RUCT: 2501107		
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Predoutoral	6	16.67%	223.0	7.92%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	8	22.22%	702.0	24.94%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	4	11.11%	360.0	12.79%
Profesor/a: Interino/a	2	5.56%	72.0	2.56%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	5	13.89%	450.0	15.99%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	8.33%	360.0	12.79%
Profesor/a: Titular de Universidade	8	22.22%	648.0	23.02%
Total general	36	100.0%	2815.0	100.0%

PDI na MVT

Categoría	Número	Horas
Catedrático/a	4	432,00
Profesor/a Titular	9	1013,50
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	2	192,00
Profesor/a Ayudante Doutor/a	8	888,50
Profesor/a Asociado/a	8	702,00

▪ Grao en Xornalismo

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Xornalismo		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		
		RUCT: 2501111		
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Predoutoral	2	13.33%	42.0	4.9%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	4	26.67%	276.0	32.17%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	13.33%	132.0	15.38%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	2	13.33%	120.0	13.99%
Profesor/a: Titular de Universidade	5	33.33%	288.0	33.57%
Total general	15	100.0%	858.0	100.0%

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Xornalismo (2ºed)		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		RUCT: 2501111
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas
Posdoutoral	1	2.33%		36.0
Predoutoral	4	9.3%		127.0
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	14	32.56%		1137.0
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	5	11.63%		463.0
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	8	18.6%		785.0
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	2	4.65%		180.0
Profesor/a: Titular de Universidade	9	20.93%		819.0
Total general	43	100.0%		3547.0

PDI na MVT

Categoría	Número	Horas
Catedrático/a	5	608,00
Profesor/a Titular	10	945,00
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	3	294,00
Profesor/a Ayudante Doutor/a	9	862,00
Profesor/a Asociado/a	14	1239,00

▪ Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		RUCT: 7000605
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	1	100.0%		48.0
Total general	1	100.0%		48.0

Só consta unha docente debido a que no curso 2023-2024 se impartiu unha materia só para Dobre Grao; as demais son materias dos graos que compoñen o programa de simultaneidade.

▪ Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento		Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación		RUCT: 4317746
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	3	15.0%		81.0
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	15.0%		75.0
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	6	30.0%		148.0
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	5.0%		21.0
Profesor/a: Titular de Universidade	7	35.0%		181.0
Total general	20	100.0%		506.0

PDI na MVT

Categoría	Número	Horas
Catedrático/a	3	60,00
Profesor/a Titular	6	222,00
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	1	21,00
Profesor/a Ayudante Doutor/a	4	150,00
Profesor/a Asociado/a	2	63,00

Con respecto ao PDI con docencia nos títulos, as características e os valores porcentuais que amosan os distintos indicadores, son os que seguen.

Código	IN32C
Nome	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	22,88	23,24	22,99	22,57	23,29	25,39
Grao en Comunicación Audiovisual	22,76	22,60	23,62	22,26	23,62	25,23
Grao en Xornalismo	22,99	23,46	22,41	22,43	22,36	23,89
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	16,26	20,81	19,11
Total	22,34	22,70	22,70	22,00	22,86	24,32

Código	IN24C
Nome	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total (sobre o PDI que pode solicitar sexenios)
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	71,43	72,41	75,00	74,19	75,76	93,55
Grao en Comunicación Audiovisual	78,26	75,00	68,42	63,64	75,00	84,21
Grao en Xornalismo	66,67	68,00	70,83	74,07	75,00	96,15
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	83,33	83,33	100

O incremento do número de sexenios por PDI débese ao feito de que nas plantillas de PDI vanse consolidando progresivamente tramos de investigación, incluíndo novos docentes cos primeiros sexenios.

Código	IN25C
Nome	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	59,26	58,33	61,67	65,63	68,12	60,56
Grao en Comunicación Audiovisual	67,57	56,10	63,89	65,12	66,67	61,54
Grao en Xornalismo	65,12	62,00	66,00	70,37	72,41	70,18
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	85,71	78,26	80,95

En termos xerais, o descenso porcentual no número de doutores está relacionado coa taxa anual sostida de xubilacións e, ao mesmo tempo, coa ralentización no relevo deste PDI consolidado a través de persoal aínda en formación.

Código	IN26C
Nome	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	38,89	33,33	35,00	35,94	36,23	38,03
Grao en Comunicación Audiovisual	40,54	34,15	36,11	34,88	31,11	41,03
Grao en Xornalismo	41,86	34,00	36,00	35,19	36,21	42,11
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	38,10	34,78	47,62

Aínda así, advírtese un incremento do PDI funcionario nas plantillas con dedicacións aos títulos, debido á promoción no 2023 de 6 profesores e profesoras.

Resumo do PDA por título

Titulación	Horas totais titulación	Horas Lab	Horas Sem	Total horas interactivas	% interactivas
Grao en Comunicación Audiovisual (1ª ed)	848,00	120,00	536,00	656,00	77,36%
Grao en Comunicación Audiovisual (2ª ed)	2611,50	1104,00	715,50	1819,50	69,67%
Grao en Comunicación Audiovisual (total)	3459,50	1224,00	1251,50	2475,50	71,56%
Grao en Xornalismo (1ª ed)	1303,00	348,00	691,00	1039,00	79,74%
Grao en Xornalismo (2ª ed)	3507,00	1872,00	879,00	2751,00	78,44%
Grao en Xornalismo (total)	4810,00	2220,00	1570,00	3790,00	78,79%
Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia	673,70	279,00	188,70	467,70	69,42%

Estes datos inclúen as horas interactivas (de seminario) que se asignan ás áreas de coñecemento por titorización de prácticas externas e TFG/TFM.

Formación do PDI

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO TÍTULO NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Grao en Xornalismo	22,64%	33,87%	43,10%	21,74%	17,39%	30,30%
Grao en Xornalismo (2a ed)	-	-	-	10,53%	21,88%	24,44%
Grao en Comunicación Audiovisual	9,52%	50,00%	40,00%	23,08%	28,95%	19,23%
Grao en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	36,36%	34,78%	26,32%
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual	-	-	42,03%	18,18%	22,81%	26,19%
Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	26,32%	28,57%	21,82%
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	26,09%	22,22%	26,92%
Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	16,67%	38,10%	54,55%	14,29%	-	-

Obsérvase un incremento na participación en plans de formación ao longo do último trienio no Grao en Xornalismo e un descenso no Grao en Comunicación Audiovisual.

Mobilidade do PDI

Código RUCT	Plan	2018-2019		2019-2020		2020-2021		2021-2022		2022-2023		2023-2024	
		Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total
2501107	Grao en Comunicación Audiovisual	7,14%	42	6,98%	43	-	40	3,03%	33	-	21	-	8
2501111	Grao en Xornalismo	1,89%	53	11,29%	62	-	57	7,32%	41	-	31	6,67%	15
4319355	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	5,55%	18	19,05%	21	-	22	-	-	-	-	-	-
2501111	Grao en Xornalismo (2a ed)	-	-	-	-	-	-	11,11%	18	3,12%	32	2,33%	43
4317745	Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	-	-	-	9,52%	21	-	22	-	20
2501107	Grao en Comunicación Audiovisual (2a ed)	-	-	-	-	-	-	18,18%	11	-	23	-	36

A mobilidade ten un nivel relativamente baixo, aínda que este indicador recolle só a mobilidade rexistrada no Servizo de Relacións Exteriores da USC.

Mobilidade e formación (análise dos permisos solicitados)

Titulación	PDI (POD)	Solicitudes (PL)	Mobilidade institucional	Mobilidade propia	Formación	Outras causas
Grao en Comunicación Audiovisual	41	31	0	10 32,26%	19 61,29%	2 6,45%
Grao en Xornalismo	49	57	0	19 33,33%	36 63,16%	23,51%

PTXAS

Composición da plantilla de PTXAS con dedicación ao Centro e aos seus títulos.

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Ciencias da Comunicación. Curso 2023-2024				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	APOLO ADMINISTRATIVO DPTOS. CC COMUNICA	Escala auxiliar-administración	RESPONSABLE ADMINISTRATIVO	0 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
2	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	18 ano(s), 9 mes(es) e 24 día(s)
3	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	16 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)
4	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	15 ano(s), 5 mes(es) e 17 día(s)
5	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	0 ano(s), 1 mes(es) e 11 día(s)
6	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. axud. arqui. bib. museo-sec. biblio.	DIRECCION BIBLIOTECA CENTRO	11 ano(s), 2 mes(es) e 6 día(s)
7	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. axud. arqui. bib. museo-sec. biblio.	AXUDANTE DE BIBLIOTECA	0 ano(s), 7 mes(es) e 15 día(s)
8	BIBLIOTECA CC. DA COMUNICACIÓN	E. facultativos -sección biblioteca	DIRECCION BIBLIOTECA CENTRO	17 ano(s), 4 mes(es) e 17 día(s)
9	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMAXE	22 ano(s), 8 mes(es) e 27 día(s)
10	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMAXE	10 ano(s), 9 mes(es) e 6 día(s)
11	FAC. de CC. DA COMUNICACIÓN	Técnico especialista de investigación	TEC. ESP. INVESTIGACION-ESP. IMAXE	6 ano(s), 7 mes(es) e 22 día(s)
12	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Tecnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVMZOS	19 ano(s), 7 mes(es) e 13 día(s)
13	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Tecnico servizos xerais	RESPONSABLE PTO. ATENCION INFORM E SERVMZOS	22 ano(s), 8 mes(es) e 27 día(s)
14	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Tecnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVMZOS	0 ano(s), 8 mes(es) e 12 día(s)
15	PTO ATENCION INFORM SERV. CC COMUN	Tecnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVMZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 7 día(s)
16	SECRET. DECANATO CC. DA COMUNICACIÓN	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	23 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
17	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERVMMAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	DIRECTOR SERVMMAV	24 ano(s), 1 mes(es) e 0 día(s)
18	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERVMMAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	TEC. ESP. MEDIOS AUDIOVISUAIS	7 ano(s), 7 mes(es) e 28 día(s)
19	SERV. MEDIOS AUDIOVISUAIS (SERVMMAV)	Técnico especialista medios audiovisuais	TEC. ESP. MEDIOS AUDIOVISUAIS	2 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
20	UNI. XEST. CENTRO DEP. CC. COMUNICA.	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE UNIDADE	15 ano(s), 4 mes(es) e 22 día(s)
21	UNI. XEST. CENTRO DEP. CC. COMUNICA.	Escala auxiliar-administración	POSTO BASE	0 ano(s), 4 mes(es) e 21 día(s)
22	UNIDADE AA. EE. CC. DA COMUNICACIÓN	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	16 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

En suma, 22 persoas, das cales 3 pertencen ao SERVIMAV, o cal está situado no Centro pero non está integrado na estrutura do mesmo. Así pois, o Centro conta con 19 PTXAS (17 nas MVT) que acometen con solvencia as necesidades do centro no seu conxunto. Cabe destacar a recente consolidación do posto base que figura como parte da Unidade de Xestión do Centro.

No referente ao *Informe sobre a enquisa de satisfacción do persoal de apoio coas tarefas realizadas no Centro* (INF.21), os resultados son moi positivos, como se amosa na seguinte imaxe, cos datos do curso 2023-2024.

Pregunta	Valoración Media	Valoración global
Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas	4.88	4.12
O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado	4.75	3.93
Síntome parte dun equipo de traballo	4.88	4.09
As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade	4.88	4.08
Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo	5.00	3.97
Estou coordinado con outras unidades da universidade	4.50	3.50
A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada	4.86	4.23
O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso	4.50	4.31
O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)	4.50	3.99
O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)	4.63	3.88
Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)	4.75	4.11
Síntome motivado/a no meu traballo	5.00	3.99
As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas.	4.75	3.88
A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo.	4.88	4.37
En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo	4.88	4.04

Formación do PTXAS

PORCENTAJE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANES DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
	54,17%	66,67%	50,00%	56,52%	95,24%	72,73%

3.2.2. Criterio 5 – Recursos materiais e servizos

En termos xerais, os recursos materiais de que dispón o Centro, así como os servizos vinculados –que se concretan na dispoñibilidade e asesoramento para a utilización de espazos técnicos, así como na atención e asesoramento aos usuarios da biblioteca, a hemeroteca e a mediateca– son suficientes e axeitados na súa concepción inicial e no seu desenvolvemento posterior, considerando as características dos plans de estudos dos títulos de grao, dobre grao e máster que se imparten no Centro, cuxa modalidade de impartición é presencial. Tamén resultan axeitados considerando as competencias a desenvolver recollidas nas MVT e as guías docentes das materias. Porén, a súa actualización é unha tarefa que, anualmente, debe levarse a cabo, dadas as características das tecnoloxías utilizadas na formación, pois están asociadas ás rutinas profesionais, como debido ao desgaste propio da formación práctica coa que contan boa parte das materias.

Nas MVT descríbese o seguinte acervo de recursos, o cal se mantén no curso 2023-2024 con axustes na distribución de postos e equipamento informático.

Aulas de propósito xeral

- 9 Aulas de propósito xeral, das cales 4 dispoñen de 108 postos (aulas 0, 1, 2 e 3), 1 de 96 postos (aula 4) e 4 de 80 postos (aulas 5, 6, 7 e 8); todas elas equipadas con dispositivos de proxección audiovisual e de conexión para eventos virtuais sincrónicos.
- 2 Aulas de visionado –de 108 e 77 postos cada unha– equipadas con reprodutores de video, pantalla e canón de proxección.
- 4 Aulas de seminario -de 38, 40, 52, 38 postos- dotadas con pantalla táctil, LED ou equipo audiovisual de proxección, así como conexión á rede, de uso versátil.
